

# FILOCAFÉ

Do 12 de xaneiro ao 10 de maio de 2020

Horario: de 18:30 a 20:00 h

Entrada libre e de balde

Comezamos o ano cunha nova edición do Filocafé na cafetería do CGAC.

O primeiro domingo de cada mes (excepto se cadra cunha ponte), desde xaneiro ata maio, o CGAC, en colaboración coa Asociación Galega da Crítica, ofrece novos encontros para filosofar e gozar dun café diante dunha obra de arte.

Os filocafés no CGAC son conversas públicas nas que poden participar todas as persoas interesadas en intercambiar inquietudes ou puntos de vista desde calquera área ou nivel de coñecemento.

As sesións estarán dirixidas por profesionais de diversos ámbitos disciplinarios, como o dramaturgo Quico Cadaval, a antropóloga Beatriz Busto Miramontes, a filóloga Manuela Palacios González, o autor Antón Lopo e o divulgador de arte Miguel Ángel Cajigal Vera (coñecido en Twitter como El Barroquista).

Unha vez ao mes, retiramos unha obra de arte da Colección CGAC dos almacéns do museo para que nos acompañe e propicie un debate sobre ela. A peza elixida funciona como motor de arranque para unha conversa. Pero non imos falar de arte, ou non só de arte, senón de calquera cuestión que suxira a obra no ámbito temático, conceptual, formal ou anecdótico. Poderase falar de ciencia, gastronomía, política, música, filosofía, cine, estética, actualidade... de asuntos mundanos ou elevados, de xeito que todas as persoas que o desexen poidan opinar e achegar as súas reflexións sobre os temas que vaian xurdindo de xeito espontáneo.

## PROGRAMA

**12 DE XANEIRO. QUICO CADAVAL** é dramaturgo, actor e monoloxuista. Naceu no ano 4 a. m. M. M. (antes da morte de Marilyn Monroe) na ría de Arousa, onde Deus apoiou o dedo corazón no seu día de descanso, o sétimo. Criouse nunha taberna na que soubo da orixe da vida e da procedencia dos agasallos de Reis antes do prazo indicado polas pedagogías. Frecuentou vellas que mexaban de pé e xuraban en calquera postura, e tamén a escola dun mestre de guedellas leoninas, entusiasta da literatura barroca e do castigo físico, que curtiu a súa personalidade artística. Prevaricou e procrastinou na súa época universitaria con períodos de consumo inmoderado de cánnabis e bebidas fermentadas, o que provocou o escándalo entre os seus influentes amigos *junkies*. Meteuno no lameiro do teatro un amigo que preferiu unha multinacional dos seguros.

Aquí debía comezar unha longa nómina de amigas e de amigos, que son o seu tesouro, mais o espazo límitanos. E o tempo. Acabou escribindo teatro e agora anda polo mundo a contar uns contos para os que lle fixo falta todo o anterior.



Fotograma de *Mary Poppins* de Robert Stevenson

Comezamos el año con una nueva edición del Filocafé en La Cafetería del CGAC.

El primer domingo de cada mes (excepto si coincide con un puente), desde enero hasta mayo, el CGAC, en colaboración con la Asociación Galega da Crítica, ofrece nuevos encuentros para filosofar y disfrutar de un café delante de una obra de arte.

Los filocafés en el CGAC son conversaciones públicas en las que pueden participar todas las personas interesadas en intercambiar inquietudes o puntos de vista desde cualquier área o nivel de conocimiento.

Las sesiones estarán dirigidas por profesionales de diversos ámbitos disciplinarios como el dramaturgo Quico Cadaval, la antropóloga Beatriz Busto Miramontes, la filóloga Manuela Palacios González, el autor Antón Lopo y el divulgador del arte Miguel Ángel Cajigal Vera (conocido en Twitter como El Barroquista).

Una vez al mes, retiramos una obra de arte de la Colección CGAC de los almacenes del museo para que nos acompañe y propicie un debate sobre ella. La pieza elegida funciona como motor de arranque para una conversación. Pero no vamos a hablar de arte, o no solo de arte, sino de cualquier cuestión que sugiera la obra en el nivel temático, conceptual, formal o anecdótico. Se podrá hablar de ciencia, gastronomía, política, música, filosofía, cine, estética, actualidade... de asuntos mundanos o elevados, de modo que todas las personas que lo deseen puedan opinar y aportar sus reflexiones sobre los temas que vayan surgiendo de manera espontánea.

## PROGRAMA

**12 DE ENERO. QUICO CADAVAL** es dramaturgo, actor y monoloxuista. Nació en el año 4 a. m. M. M. (antes de la muerte de Marilyn Monroe) en la ría de Arousa, donde dios apoyó el dedo corazón en su día de descanso, el séptimo. Se crió en una taberna en la que supo del origen de la vida y del origen de los regalos de Reyes antes del plazo indicado por las pedagogías. Frecuentó viejas que meaban de pie y juraban en cualquier postura, y también la escuela de un maestro de melenas leoninas, entusiasta de la literatura barroca y del castigo físico, que curtiu su personalidad artística. Prevaricó y procrastinó en su época universitaria con períodos de consumo inmoderado de cánnabis y bebidas fermentadas, lo que provocó el escándalo entre sus influentes amigos *yonquis*. Lo metió en el barrizal del teatro un amigo que prefirió una multinacional de los seguros.

Aquí debía comenzar una larga nómina de amigas y amigos, que son su tesoro, pero el espacio nos limita. Y el tiempo. Acabó escribiendo teatro y ahora anda por el mundo contando unos cuentos para los que le ha hecho falta todo lo anterior.

**2 DE FEBREIRO. BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES** (Santiago de Compostela, 1979) é doutora en Antropoloxía Social e Cultural, mestra en Educación Musical pola Universidade de Vigo e licenciada en Historia e Ciencias da Música e Antropoloxía Social e Cultural pola Universidade Autónoma de Madrid. Obtivo o título de doutora coa tese "La Galicia proyectada por No-Do. La arquitectura del estereotipo musical a partir del uso del folclore musical 1943-1981", pola que mereceu a máxima cualificación. O seu percorrido investigador céntrase na construción cultural de Galicia e da súa representación na imaxe cinematográfica de No-Do a partir do uso do folclore durante a ditadura franquista desde as perspectivas teóricas da etnomusicoloxía. Parte da súa investigación vai ser publicada en breve polo selo Através Editora.

**1 DE MARZO. MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ** (A Coruña, 1959) é profesora de Filoloxía Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela. Dirixiu cinco proxectos de investigación sobre as escritoras galegas e irlandesas actuais e editou e coeditou varios libros sobre esta cuestión: *Pluriversos* (2003), *Palabras extremas* (2008), *Writing Bonds* (2009), *Creation, Publishing and Criticism* (2010), *To the Winds Our Sails* (2010) *Forked Tongues* (2012), *Six Galician Poets* (2016) *Migrant Shores* (2017) e *Young Galician Poets* (2019). Outras publicacións inclúen traducións de poesía e narrativa europea e árabe, monografías sobre as imaxes pictóricas na obra de Virginia Woolf, sobre *Richard III* de Shakespeare e artigos sobre ecocrítica.

**5 DE ABRIL. ANTÓN LOPO** (Monforte de Lemos, 1961) é un poeta e novelista reconecido co Premio da Crítica Española, dramaturgo, *performer* de fisicidade radical (foi alumno de Marina Abramovic) e periodista de longa traxectoria. É autor dunha serie de biografías que renovaron o xénero en Galicia e director do selo Chan da Pólvora Editora, da Biblioteca de Mesopotamia da Ribeira Sacra e mais do festival de poesía compostelán Alguén que Respira. Entre os seus poemarios, figuran *Pronomes* (1998), *Fálame* (2004) ou *Dentro* (2005). O seu último libro de poemas, *Corpo* (2018), converteuse nun título de referencia. Como narrador, publicou obras de culto como *Ganga* (2000) ou *Obediencia* (2010). *Extraordinario* (2018), a máis recente, foi o fenómeno narrativo da temporada. Dos seus múltiples traballos performáticos sobresaen *O outro extremo do paraíso* (1998) e *Lob\*s* (1999) xunto a Ana Romani, *Prestidixitador* (2000), *Acción* (2004), *Dentro* (2005) ou *Lampíricos* (2013-2015).

**10 DE MAIO. MIGUEL ÁNGEL CAJIGAL VERA**, el barroquista en Twitter (A Coruña, 1981) é docente, investigador e divulgador cultural. Licenciado en Historia da Arte e diploma de estudos avanzados na Historia da Arte e da Música pola Universidade de Santiago de Compostela. Forma parte do Servizo de Educación da Cidade da Cultura de Galicia. Dirixe o Máster de Educación en Museos e Espazos Culturais da Universidade Miguel de Cervantes (Valladolid). É membro do Consello Internacional de Museos (ICOM) e do Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS). Colaborou con institucións coma a Colgate University, o consorcio Vassar College-Wesleyan University, o Consello da Cultura Galega, a Universidade de Málaga, o Comité Español de Historia da Arte ou o Museo de Almería, entre outras. Como El Barroquista, mantén un activo perfil de divulgación artística e cultural en Internet e nas redes sociais e colabora no programa *Galicia por diante* da Radio Galega.

COORDINACIÓN: Virginia Villar



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tels.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal

**2 DE FEBRERO. BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES** (Santiago de Compostela, 1979) es doctora en Antropología Social y Cultural, maestra en Educación Musical por la Universidad de Vigo y licenciada en Historia y Ciencias de la Música y Antropología Social y Cultural por la Universidad Autónoma de Madrid. Obtuvo el título de doctora con la tesis "La Galicia proyectada por No-Do. La arquitectura del estereotipo musical a partir del uso del folclore musical 1943-1981", por la que mereció la máxima calificación. Su recorrido investigador se centra en la construcción cultural de Galicia y de su representación en la imagen cinematográfica de No-Do a partir del uso del folclore durante la dictadura franquista desde las perspectivas teóricas de la etnomusicología. Parte de su investigación será publicada en breve por el sello Através Editora.

**1 DE MARZO. MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ** (A Coruña, 1959) es profesora de Filología Inglesa en la Universidad de Santiago de Compostela. Ha dirigido cinco proyectos de investigación sobre las escritoras gallegas e irlandesas actuales y editado y coeditado varios libros sobre esta cuestión: *Pluriversos* (2003), *Palabras extremas* (2008), *Writing Bonds* (2009), *Creation, Publishing and Criticism* (2010), *To the Winds Our Sails* (2010) *Forked Tongues* (2012), *Six Galician Poets* (2016) *Migrant Shores* (2017) y *Young Galician Poets* (2019). Otras publicaciones incluyen traducciones de poesía y narrativa europea y árabe, manuales sobre las imágenes pictóricas en la obra de Virginia Woolf, sobre *Richard III* de Shakespeare y artículos sobre ecocrítica.

**5 DE ABRIL. ANTÓN LOPO** (Monforte de Lemos, 1961) es un poeta y novelista reconocido con el Premio de la Crítica Española, dramaturgo, *performer* de fisicidad radical (fue alumno de Marina Abramovic) y periodista de larga trayectoria. Es autor de una serie de biografías que renovaron el género en Galicia y director del selo Chan da Pólvora Editora, de la Biblioteca de Mesopotamia de la Ribeira Sacra y del festival de poesía compostelano Alguén que Respira. Entre sus poemarios, figuran *Pronomes* (1998), *Fálame* (2004) o *Dentro* (2005). Su último libro de poemas, *Corpo* (2018), se convirtió en un título de referencia. Como narrador, publicó obras de culto como *Ganga* (2000) u *Obediencia* (2010). *Extraordinario* (2018), la más reciente, ha sido el fenómeno narrativo de la temporada. De sus múltiples trabajos performáticos sobresaen *O outro extremo do paraíso* (1998) y *Lob\*s* (1999) junto a Ana Romani, *Prestidixitador* (2000), *Acción* (2004), *Dentro* (2005) o *Lampíricos* (2013-2015).

**10 DE MAYO. MIGUEL ÁNGEL CAJIGAL VERA**, el barroquista en Twitter (A Coruña, 1981) es docente, investigador y divulgador cultural. Licenciado en Historia del Arte y Diploma de Estudios Avanzados en Historia del Arte y de la Música por la Universidad de Santiago de Compostela. Forma parte del Servicio de Educación de la Ciudad de la Cultura de Galicia. Dirige el Máster de Educación en Museos y Espacios Culturales de la Universidad Miguel de Cervantes (Valladolid). Es miembro del Consejo Internacional de Museos (ICOM) y del Consejo Internacional de Monumentos y Sitios (ICOMOS). Ha colaborado con instituciones como la Colgate University, el consorcio Vassar College - Wesleyan University, el Consello da Cultura Galega, la Universidad de Málaga, el Comité Español de Historia del Arte o el Museo de Almería, entre otras. Como El Barroquista mantiene un activo perfil de divulgación artística y cultural en Internet y redes sociales y colabora en el programa *Galicia por diante* de la Radio Galega.

COORDINACIÓN: Virginia Villar



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA